

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2022.»
Data	9 de maio de 2022
Duración	Desde as 9:35 ata as 11:03 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 633/2022. Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: O orzamento que se aprobou en sesión extraordinaria o 25 de marzo, un orzamento de 5.461.677€, tanto no seu apartado de gastos como no de ingresos e que se reduce en máis de 500.000€ respecto do orzamento do exercicio anterior pola diminución de ingresos no apartado, concretamente, de recadación relativo ao IVE, posto que se rebaixou o tipo impositivo, se incluíron unha serie de bonificacións e exencións e polo tanto tocou facer un exercicio de contención e de recorte de gasto para rebaixar eses 500.000€ respecto do orzamento anterior.

O orzamento foi publicado no Boletín da Provincia para sometelo a un período de información pública de 15 días que rematou o 25 de abril. Como xa todos sabedes o orzamento é a previsión de gastos e ingresos que un goberno fai para un exercicio, xa que é o goberno o que vai ter que facer a xestión dese orzamento e por esa razón a lei taxa os motivos polos que se pode alegar contra un orzamento, estes son: a falta de legalidade do procedemento, é dicir, que faltara algún trámite necesario, a insuficiencia de ingresos para facer fronte aos gastos ou a omisión do crédito necesario para facer fronte as obrigas.

Neste período de exposición pública recibíuse a alegación de Joaquín Núñez en representación do Partido Popular, na que como motivo da alegación aduce a insuficiencia de ingresos para facer fronte aos gastos, isto é, o artigo 170.2 apartado c), sen embargo usan esta frase soamente como xustificación para ver si coa e así damos a alegación por válida, porque a realidade é, así está informado, que o orzamento está nivelado en gastos e ingresos, están en consonancia en gastos e ingresos, así consta no expediente e que ademais, en caso contrario, contaría con informe desfavorable de intervención, polo tanto esta alegación non sería aceptable, pero é que ademais só a utilizan, como dicía, para poder darlle sustento legal as súas



alegacións, porque despois o desenvolvemento de todo o escrito non volve nomear para nada a insuficiencia de ingresos, senón que lonxe diso fan propostas de incremento de subvencións nominativas, fan suxestión de incremento da inversións con investimentos plurianuais e como de costume, enumeran unha serie de partidas nas que ao seu criterio o orzamento do ano 2022 é insuficiente tendo en conta os gastos do exercicio do ano 2021 nesa mesma partida. Unha vez máis, e xa van catro dende que son Concelleira, dirá que é por cada ano pero é máis de unha por ano porque este é o terceiro ano de legislatura e o cuarto orzamento que estamos aprobando. O crédito mídese a nivel vinculación e a vostede non fai falta que lle poña un informe de intervención nin que llo diga eu nesta sesión plenaria, porque vostede foi Concelleiro de Facenda, digo eu que sabe como funciona o orzamento e como se traballa con el, non sirve de nada coller unha partida concreta e sumarlle e restarlle a conveniencia para dicir que o crédito é insuficiente, sabe vostede ben que hai que ver o gasto en toda a área de gasto non só na partida e polo tanto ese parágrafo tampouco sería motivo para alegar o orzamento. Por último, no que se refire ás aportacións que o Partido Popular fai xa llo di a interventora no seu informe, as alegacións ao orzamento non son a canle para facer achegas ou suxestións e unha vez máis lle repito que a distribución do crédito entre as diferentes partidas, o reparto do orzamento é unha prerrogativa da Alcaldía e polo tanto do goberno. Polo que a gastos plurianuais se refire si é certo que a Lei os permite que se poidan facer eses gastos plurianuais pero é que facer un investimento plurianual implica incrementar o capítulo de investimentos, xa que os investimentos plurianuais están permitidos, si, pero na primeira anualidade hai que imputar unha porcentaxe e non pequena e polo tanto con esta proposta como a de incrementar o número de asociacións que reciben subvención nominativa, o que están pedindo é incrementar o gasto, que choca totalmente co motivo principal co que formularon a alegación que era a insuficiencia de ingresos. Vemos que no desenvolvemento do argumentario lonxe de propoñer incremento de ingresos para solventar esa situación ou para reducir o gasto o que fan é propoñer incremento de gasto, perdóeme pero topo certa incoherdanza nesta alegación. Pola nosa parte, en base ao informe de intervención nas cuestións técnicas e en base a que a distribución do orzamento é unha facultade deste goberno imos desestimar as alegacións presentadas por Joaquín Núñez e a propoñer aprobar o orzamento tal como se presentou inicialmente.

Facer mención a unha cuestión técnica, na aprobación inicial non se fixo mención e nesta ocasión a interventora si que quixo recollelo de maneira explícita no seu informe, estamos no mes de maio, estamos traballando co orzamento prorrogado do exercicio 2021 e ao longo destes meses foi preciso facer unha modificación orzamentaria que se aprobou por Decreto e no caso de non explicitarse, a Lei prevé que as modificacións orzamentarias traspasen ao novo orzamento, non é o caso, no noso caso xa traballamos co orzamento tendo en conta xa esas partidas e de traspasarse estaríamos duplicando algunhas partidas, polo tanto recollemos de maneira expresa, que non o fixemos na aprobación inicial, que non se trasladen as modificacións que se fixeron no orzamento prorrogado.



Sr. Núñez Troncoso: Antes de empezar quería resaltar unha vez máis a hora á que se convocou este pleno, que como ven sendo habitual seguen sen ter en conta o que tanto defende a Alcaldesa e o seu grupo do Goberno, a conciliación. Estamos ante unha reclamación ao orzamento presentada por este grupo, que como ven sendo habitual, vai ser rexeitada tanto pola Alcaldesa como polo goberno. Cando un grupo presenta unha reclamación a presenta en aras de mellorar o documento que se aprobou inicialmente o cal estamos agora debatendo, sempre que se trouxeron orzamentos a este pleno, sempre presentamos reclamacións e sempre presentamos reclamacións en aras de mellorar o expediente. A Concelleira de área acaba de recoñecer agora mesmo que estamos presentando propostas, efectivamente estamos presentando propostas, presentamos varias propostas pero ningunha delas se van a aprobar, van ser todas elas rexeitadas. Cando dicimos que hai que modificar o crédito asignado a limpeza viaria, iluminación pública, limpeza centros educativos, limpeza instalacións deportivas, limpeza do Concello, entre outras, o dicimos porque é insuficiente e á vista está que collemos a liquidación do 2021, e que ademais o crédito que asignan a estas partidas é a mesma que levaron no 2020, 2021 e saben perfectamente o gasto máis ou menos nesas partidas en concreto, pero non o modifican. É certo que o crédito se ve a nivel vinculación, iso xa o temos claro todos, pero non é menos certo que si aplican o recoñecemento extraxudicial ás facturas que deixaron sen pagar do 2021 por 1.730.000€ e se teñen en conta a liquidación do 2021 é evidente que non hai crédito, non chega o crédito que hai. Nós propuxemos varias propostas para mellorar este orzamento, por exemplo as subvencións aos centros culturais que estamos reiterando ano tras ano, cal é o problema en facer un baremo e valorar as actividades que fan os centros culturais, valorar o número de socios, valorar outra serie de proxectos que teñen ou van a desenrolar? Eu creo que é xusto, creo que é unha proposta interesante a ter en conta. A vostedes dálle o mesmo que un Centro Cultural faga unha actividade durante o ano a que fagan cinco ou seis, porque lle asignan a mesma cantidade, 900 euros e levamos así ano tras ano, pois esta proposta a van a rexeitar.

Claro que estamos pedindo incrementar o gasto nesta área, non é que solo esteamos pedindo incrementala senón que sexa o reparto máis xusto e se poden minorar en outras, xa o levamos dito por activa ou por pasiva, onde se pode minorar e non é cuestión que esteamos pedindo só incrementar o gasto, tamén se pode minorar en outros, vostede sabe de sobra en que partidas se pode minorar e moito. Temos no Concello dúas asociacións de comerciantes, ACISA e Asociación de Comerciantes Tabernanova, se lle concede a ACISA e non se lle concede a outra, porqué? Non o sabemos, a Alcaldesa alude a que non están inscritas no rexistro do Concello, pode ser certo, pero iso non é motivo para que non se lle conceda unha subvención nominativa, iso non é motivo, e si o é, dígnanos en que norma, en que ordenanza está recollido iso, que sexa requisito imprescindible que estea inscrita no rexistro do Concello, máis ben é unha condición política se lle quere conceder si ou no.



Anexo de investimentos, aquí a previsión que teñen vostedes de investimentos para o noso Concello para o 2022 é nula, polo menos no 2021 máis ou menos do que tiñan previsto en investimos real no exercicio foi a metade, 250, porque a outra metade foi para pagar facturas que deixaron sen pagar do 2020, pois este ano nin iso, previsión nula, onde está a planificación? E despois lles parece mal que esteamos dicindo cada dous por tres que traballan a base de ocorrencias pero é que é a realidade. Nós lles propuxemos un plan bianual, a Lei permite incluso de catro anos, non é obrigatorio, como así tamén o di o informe de intervención, si van vostedes ao informe de intervención di *“é evidente e conveniencia da elaboración dunha programación das inversións aos efectos de planificar o gasto público en materia de saneamento”*, está dicindo que é conveniente que se faga unha planificación, nós xa non estamos pedindo que se faga a catro anos como propón a lei, pero aquí non, aquí traballamos a base de ocorrencias, quedan as facturas sen pagar desas ocorrencias e despois volvemos para o ano a ter que recoñecelo. Xa veremos para o ano a onde pasaremos, o 2022 foi 1.730.000€, case lle aseguraría que para o ano vamos a pasar dos 2.000.000€ de facturas que van deixar sen pagar do 2022, tempo ao tempo.

A nosa posición, xa nos gustaría que fose outra postura, pero é que non nos recollen nada das propostas que nos plantexamos. Este orzamento é un copia e pega do 2021, sabe a única diferenza onde está? No anexo de inversións, que polo menos no 2021 había unha inversión real no propio exercicio de 150.000€ agora é nula. O ingreso do IBI é certo que baixa con respecto ao 2021 pero é que son 400.000€ a máis con respecto do 2020. Falaba vostede Sra. Lucía, de motivos de reclamación, os motivos de reclamación xa sabemos cales son, están moi taxados e moi limitados, xa o sabemos, pero nós non pretendemos facer unha reclamación como tal senón propor, e de feito estamos propondo, e non nos recollen nada, como queren que apoiemos este orzamento? Recóllanos algo e ao mellor ata nos abstemos, pero nada de nada e si que estamos falando de propostas como vostede di, ou cantas veces nos invitaron a presentar propostas de cara ao orzamento? Nin unha vez. Como queren que apoiemos si nós non participamos en nada? Non nos permiten participar tanto no orzamento como en outro tipos de cuestións, polo tanto non podemos apoialo. Decía vostede que estamos pedindo incrementar o gasto como conceder unha subvención a Asociación de Comerciantes de Tabernanova, minoren vostedes doutro lado, que poden minoralo, outra cousa é que haxa vontade en facelo.

Sra. Alcaldesa: O Partido Popular como sempre fai propostas, nós como equipo de goberno todos e todas nos estamos dispostas a recoller propostas sempre e cando esas propostas se fagan con cabeciña e sentidiño común, o que non se pode é estar pedindo por un lado aumento de gastos e por outra dicindo que os ingresos son insuficientes. Todo o mundo sabe que si ten 1000 para gastar e de ingresos ten 900 incrementa os gastos vaille. Creo que hai que facer as propostas con coherdanza e con sentidiño. En canto a todo o que dixon, non vou entrar en si se lle da a unha subvención ou a outra, simplemente as dúas asociacións están informadas en todo momento e está falado con eles todo este tema e outros e aí non teño nada máis que engadir. Pídolle ao Partido Popular que siga facendo propostas, que está no seu



dereito e tamén no seu deber como oposición, pero que as faga con sentidiño común.

Sra. Pereira González: En canto ao que dixo que este orzamento era un copia e pega do exercicio anterior xa me gustaría a min que fora un corta e pega porque xa llo dixen naquel momento o orzamento do exercicio do 2021 era un, senón un dos mellores orzamentos que tivo este Concello e agora resulta que di vostede que era bo, agora pero naquel momento votaron en contra. Fan proposta para mellorar, non, o que fan é proposta de incremento de gasto, eu tamén podería dicirle un montón de partidas nas que incrementaría o gasto é máis, lle diría que o orzamento ideal do Concello de Salceda está nun dous ou tres millóns de euros por encima do que temos para axustarse as necesidades e servizos que este Concello presta, pero e que hai un problema e que son os ingresos e vostede sabe que hai que ser coherente. O orzamento ten que estar equilibrado entre os gastos e os ingresos, queda moi ben vir aquí a este pleno a propoñer eliminar impostos, propoñer rebaxar impostos, a propoñer exencións e bonificacións a todo o que se nos ocorra pero despois queremos incrementar o gasto e queremos un gasto máis realista, o que hai é que ter un pouquiño máis de coherdanza. En canto aos gastos plurianuais, creo que non acabo de entender cal é a vosa pretensión, porque o gasto plurianual o que che permite é planificar a ordenación do pago en distintos anos, que se supón que é unha obra que vai a ser grande, que vai levar tempo e que vas a imputar unha parte nun exercicio e outra parte a outro e por suposto que ao primeiro exercicio sempre corresponde unha porcentaxe bastante maior que aos seguintes. Non sei que exactamente pretendedes con iso porque non acabo de entender, si pretendes que se faga algo e que se pague en exercicios posteriores, non sei exactamente, pero a realidade é que un gasto plurianual o único que ben a dicir é que vas a repartir o gasto de varios anos, porque vai ser unha obra grande ou unha inversión grande e por suposto que no primeiro ano vai a ser un porcentaxe máis grande.

Este é o mellor orzamento que podemos presentar para o nivel de ingresos que temos e a súa alegación como comprenderá vostede, se vai a desestimar. Si vostede quere facer unha aportación de melloras eu lle pido que o faga con máis tempo, estamos no mes de maio, sabe o que urxe aprobar un orzamento, non estamos en tempo de reformulalo para adaptalo as súas propostas, faga proposta con tempo, pero si lle digo que no exercicio do 2021 si que se recollen moitas das reivindicacións que vostedes viñan pedindo nas distintas alegacións e tampouco lle serviu e votaron en contra, polo tanto, non é que non teñamos en conta as súas propostas, senón que simplemente na parte económica non queren estar de acordo votan sistematicamente en contra do orzamento pois esa é a postura do Partido Popular.

Sr. Núñez Troncoso: Di a Sra. Alcadesa recoller propostas, recoller propostas non recollen ningunha e que as plantexemos con sentidiño, ou sexa, vostede considera que conceder as subvencións aos centros culturais, que estamos de acordo, con un criterio, con un baremo en función ao número de socios, en función as actividades



que fan e planifican, esa non é unha proposta con sentidiño? Conceder unha subvención á Asociación de Comerciantes que leva varios anos constituída, nunca se lle concedeu unha subvención, vostedes iso non é unha proposta con sentidiño? Facer planificación das inversións en varios exercicios, planificación por eso dicimos un plan bianual, por iso dicimos planificar as obras, claro que o pago se pode pagar en dous, tres ou catro anos si son obras de certo calado pero polo que se ve non fan obras de certo calado, o que estamos dicindo é planificación e non solo o dicimos nós o di tamén intervención, informe tras informe, só é ver os informes dos orzamentos dende que vostedes están e é un copia e pega do mesmo, sempre menciona a palabra planificación, sempre. Xa nos gustaría a nós, Sra. Alcaldesa, que tivera en conta o que vostede dicía cando estaba na oposición, dicía que pretendía reducir a partida de publicidade e propaganda nun 75% e máis ben se incrementou, cando antes dicía que era unha barbaridade un recoñecemento de 600.000€ fai un par de meses aprobamos un por un importe de 1.730.000€ de facturas que quedaron sen pagar do ano 2021, 600.000€ era unha barbaridade e votou en contra, 1.730.000€ xa non é tal barbaridade e vota a favor. Claro que aos provedores hai que pagarlles, pero o que hai é que planificar e gastar o que podemos gastar. Xa nos gustaría ter moitas cousas en Salceda pero é como unha casa, hai que gastar o que se poida gastar, así despois teñen a carga fiscal que teñen e non pasada nada.

Dicía vostede Sra. Alcaldesa que as Asociacións de Comerciantes están informadas, se supón que teñen que estar informadas para iso é a Alcaldesa pero a esta en concreto, á Asociación de Comerciantes de Tabernanova, segue sen concederlle subvención, está ben informar pero si ao final non lle da unha subvención para que faga as súas actividades pois estamos na mesma. Di a Concelleira de área, Sra. Lucía que dixen que o orzamento do 2021 era bo, eu non dixen iso, eu dixen que no orzamento do 2021 polo menos contemplaban un anexo de inversión de 250.000€ de obras a facer no propio exercicio, iso si dixen, pero non dixen que era bo, como vamos a dicir que era bo si deixaron sen pagar 1.730.000€ como vamos a dicir que era bo si nas propostas que plantexamos no 2021 non nos recolleu ningunha. Saben vostedes canto se incrementou a recadación dos ingresos en dous anos? Non o saben verdade? Pois incrementou a recadación en 24,50€ en dous anos dende que están vostedes gobernando, dirán vostedes e que hai que ter servizos, xa nós gustaría a nos ter moitos servizos, moitos máis pero hai que ter tamén en conta o bolsillo dos veciños, porque aquí está moi fácil recadar impostos, recadar taxas, coa excusa de que hai que ter servizos, o que hai que saber é gastar, os servizos se poden ter igual o que hai que saber é gastar. Dicía tamén vostede que os orzamentos veñen no mes de maio, os orzamentos xa tiñan que estar enriba da mesa para a súa aprobación inicial en outubro, xa estamos 7-8 meses tarde, e vostedes son sete, teñen maioría absoluta e chegan sete meses tarde e resulta que nós estamos poñendo trabas a que se aprobe o orzamento porque estamos no mes de maio, traian vostedes o orzamento cando teñen que traelo e agora serán os técnicos os que teñen moito traballo e non dan como sempre, si non é da Xunta é dos técnicos o caso é soltar lastre. Din que votamos sistematicamente en contra do orzamento, xa o dixen antes, como quere que votemos a favor con estes datos que temos enriba da



mesa? Como queren que votemos a favor si non nós recollen ningunha proposta?

Sra. Castiñeira Alén: Pouco que sumar a brillante aportación da Concelleira Lucía, simplemente agradecer o traballo das técnicas que realizaron a parte técnica deste orzamento. Joaquín, creo que leva vostede 20 anos de Concelleiro, si é certo que houbo un pequeno parón pero dende 1999 é vostede Concelleiro desta Corporación, ten experiencia de sobra para facer aportacións construtivas e mesmo así, pleno tras pleno dos orzamentos, sempre fan as mesmas achegas. Eu quixera preguntar a que centros culturais deixaría fora da subvención nominativa? Gustaríame sabelo porque é certo que hai unhas que fan máis actividades que outras, iso é así, pero iso é motivo suficiente para diminuírle a contía? Despois de facer tantas propostas neste pleno, dígame a que Centros culturais deixaría fora. Creo que hai que traer propostas construtivas, inventos os xustos e máis cando vostede non aplicou ningunha desas propostas sendo Concelleiro de Facenda. Orzamento, aprobación definitiva, un documento importante para seguir adiante co día a día coa xestión do noso Concello e fundamental para seguir prestando servizos que son moitos a nosa veciñanza.

Sr. Núñez Troncoso: Que faga vostede esa pregunta a verdade é que canto menos chama a atención. De verdade que eu dixen de excluír algún centro cultural ou algunha asociación da subvención? Eu nunca dixen minorar o que se está concedendo agora mesmo, eu non menciono iso, eu dixen baremar, e volvo a repetir, baremar en función ao número de socios que teñen, por exemplo, ou por número de actividades que desenrola durante o exercicio, tal complicado é? Non é o mesmo, por poñer un exemplo, un Centro Cultural que teña 50 socios a outro que teña 200 e non creo que sexa tan complicado iso, pero nunca xamais dixemos de excluír da subvención a ningún centro Cultural, senón sáqueme vostede unha acta onde este recollido iso. Que nos dea vostede leccións de temas económicos cando foi responsable, como Alcaldesa, de deixar facturas sen pagar de 1.950.000€ apaga e vámonos, Sra. Dolores Castiñeira.

Sra. Alcaldesa: Só deixar unha pregunta para o Partido Popular para que nos próximos plenos nolo diga, en que partidas, ademais de publicidade, rebaixaría vostede o gasto? Por certo, que en publicidade xa foi rebaixada, rebaixaría vostede o gasto para poder seguir dando os mesmos servizos que está ofrecendo o Concello de Salceda? Tamén nos gustaría que fixera unha reflexión dos dous últimos anos que a todas e a todos nos tocou vivir, nas nosas casas e tamén dende as administracións para facer fronte a unha pandemia e ao incremento de gastos que houbo como tal, faga esas dúas reflexións e quizais no seguinte orzamento que traíamos a pleno sexamos capaces de atenderlle algunha das peticións, se fai esta reflexión. Paso a dar lectura da proposta de aprobación definitiva seguinte:

“Aprobado en sesión extraordinaria do pleno de 25 de marzo de 2022 o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2022, así como as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas



Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Publicado anuncio de aprobación inicial no BOPPO núm. 63 de data 31.03.2022 e publicado o Orzamento e os seus anexos na sede electrónica do Concello desde o mesmo día.

Presentadas en tempo e forma as seguintes reclamacións ao orzamento, segundo informe do Rexistro Municipal de data 26.04.2022:

Nº REXISTRO	DATA	INTERESADO
2022-E-RE-792	22/04/2022	JOAQUIN NÚÑEZ TRONCOSO

Visto o Informe de Intervención núm. 2022-0061 de data 26 de abril sobre a as reclamacións presentadas.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2022-0061, as alegacións presentadas por Joaquín Núñez Troncoso (GRUPO PP).

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	<i>Impostos directos</i>	<i>1.899.500,00</i>
2	<i>Impostos indirectos</i>	<i>50.000,00</i>
3	<i>Tasas e outros ingresos</i>	<i>568.980,00</i>
4	<i>Transferencias correntes</i>	<i>2.943.197,05</i>
5	<i>Ingresos patrimoniais</i>	<i>0,00</i>
OP. CORRENT		<i>5.461.677,05</i>
6	<i>Enaxenación de investimentos reais</i>	<i>0,00</i>
7	<i>Transferencias de capital</i>	<i>0,00</i>
8	<i>Activos financeiros</i>	<i>0,00</i>
9	<i>Pasivos financeiros</i>	<i>0,00</i>
OP. CAPITAL		<i>0,00</i>
TOTAL PTO.		<i>5.461.677,05</i>

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.925.802,79
2	Gastos de bens correntes e servizos	2.717.227,10
3	Gastos financeiros	6.500,00
4	Transferencias correntes	257.936,84
OP. CORRENT		4.907.466,73
6	Investimentos reais	457.210,32
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	97.000,00
OP. CAPITAL		554.210,32
TOTAL PTO.		5.461.677,05

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. De conformidade co advertido no Informe de Intervención núm. 2022-0061, coa aprobación e entrada en vigor do orzamento para o exercicio 2022, a modificación de crédito número 3/2022 mediante transferencia de créditos entre aplicacións da mesma área de gasto número ETV/001/2022/TC, se considerará anulada.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CATRO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2022-0061, as alegacións presentadas por Joaquín Núñez Troncoso (GRUPO PP).

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	1.899.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00



3	Tasas e outros ingresos	568.980,00
4	Transferencias correntes	2.943.197,05
5	Ingresos patrimoniais	0,00
OP. CORRENT		5.461.677,05
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		5.461.677,05

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.925.802,79
2	Gastos de bens correntes e servicios	2.717.227,10
3	Gastos financeiros	6.500,00
4	Transferencias correntes	257.936,84
OP. CORRENT		4.907.466,73
6	Investimentos reais	457.210,32
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	97.000,00
OP. CAPITAL		554.210,32
TOTAL PTO.		5.461.677,05

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. De conformidade co advertido no Informe de Intervención núm. 2022-0061, coa aprobación e entrada en vigor do orzamento para o exercicio 2022, a modificación de crédito número 3/2022 mediante transferencia de créditos entre aplicacións da mesma área de gasto número ETV/001/2022/TC, se considerará anulada.

Expediente 960/2022. Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0



Sra. Pereira González: Neste punto tratamos da modificación a da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, o imposto comunmente coñecido como plusvalía, trátase dun imposto que grava as transmisións patrimoniais, un imposto que como sabedes nos últimos tempos está en tela de xuízo pola cantidade de sentenzas do Tribunal Constitucional que foron declarando a inconstitucionalidade de certos artigos, de certas situacións ata a máis grave de todas elas, a máis recente, a sentenza de outubro de 2021 que anula por inconstitucionais os artigos referidos á forma de cálculo e polo tanto deixa inaplicable este imposto. No ano 2017 o Tribunal Constitucional declarou a inconstitucionalidade dos artigos 107.1 e 107.2 na medida que naquela situación non existía incremento do valor, xa que ese é o fundamento do imposto, gravar ese incremento de valor dos terreos de natureza urbana, polo tanto os casos en que era demostrable que non había ese incremento deixaban de tributar a raíz desta sentenza. Posteriormente no ano 2019 outra sentenza do Tribunal Constitucional volve anular certos preceptos deste imposto, o artigo 107.4, declarando a inconstitucionalidade naqueles suposto nos que a contía a pagar sexa superior ao incremento do valor dese terreo e finalmente en outubro de 2021, o Tribunal Constitucional foi un pouco máis alá e declarou inconstitucionalidade do método de cálculo do imposto, polo tanto deixou inaplicable este imposto. Si ben é certo que no noso Concello non estamos a falar dunha cantidade que desestabilice o orzamento, si que falamos do segundo imposto a nivel estatal en importancia cuantitativa despois do IBI e é certo que moitos municipios non poden permitirse prescindir da noite a mañá dun imposto deste nivel, por esa razón apenas unas semanas despois o 8 de novembro aprobouse o Real Decreto Lei 26/2021 para adaptar a Lei de Facenda Locais a xurisprudencia constitucional. O que recolle este Real Decreto Lei é, incluír como suposto de non suxeición aquelas casos nos que non hai incremento de valor entre a transmisión e adquisición, adaptar o método de calculo da base imponible que era estimación obxectiva utilizando un cadro de coeficientes anuais e outorgarlle ao contribuínte a facultade de optar por un sistema de cálculo de estimación directa na que se tomen como base os valores reais e non os valores catastrais. Ademais a Disposición Transitoria establece un período de seis meses para que os Concellos adaptemos as nosas ordenanzas fiscais a estes cambios, aplicándose, mentres tanto, os coeficientes máximos establecidos na Lei.

Polo tanto, o obxecto e a causa desta proposta de modificación é adaptar a nosa ordenanza ao novo marco legal e nese sentido modifícanse os artigos 4 e 8; o 4 para incluír os supostos de non suxeición e o 8 para modificar o sistema de cálculo da base imponible. Ademais, aproveitando esta modificación, case obrigatoria, aproveitamos tamén para revisar, modificar e corrixir algunhas cuestións desta ordenanza que é do ano 2006 e que polo propio paso do tempo precisaba e nese sentido modifícanse os artigos 5, 7, 9 e 11. En canto as modificacións que se propoñen para a ordenanza, o artigo 4 modifícase para incluír o suposto de non suxeición daqueles casos nos que non exista ese incremento real do valor do terreo, que é o que grava o imposto; o artigo 5, relativo ás exencións, neste caso é unha das modificación que comentaba



nese segundo grupo, trátase simplemente dunha modificación de redacción para adaptalo ao novo artigo 105.01 da Lei de Facendas Locais, non varía o contido. O mesmo acontece co artigo 7, simplemente é unha corrección por facer referencia a un artigo derogado, falábase do artigo 35.3 e substitúese polo artigo 35.4 e o artigo 8 é o do cálculo imposable, para iso establécense uns coeficientes anuais para aplicar segundo o tempo e o valor que se toma como referencia son os valores catastrais. Dicar que os coeficientes son os mesmos que se estiveron aplicando estes seis meses de período transitorio e que son os coeficientes máximos, pero tal como está explicado no informe de intervención, en ningún caso a aplicación destes coeficientes máximos vai implicar incremento do imposto, senón todo o contrario. Á vista está nun cadro de simulación que se fai no informe de tesourería, pódose a modo de comparativa a recadación do ano 2020 ao aplicar este novo sistema de cálculo redúcese considerablemente a recadación. Ademais existe a opción de que o contribuínte poida optar por un sistema de cálculo directo, en vez de estimación obxectiva, que é tendo en conta os valores reais e neste caso o contribuínte vai a optar por el sempre que sexa menos a contía a pagar, polo tanto seguimos falando de reducir tanto a recadación como as cantidades a pagar, mantéñense estes coeficientes que foron os que se aplicaron de maneira transitoria estes seis meses porque, tal como se pode constatar, está demostrado que non incrementa o importe a pagar polo contribuínte, senón todo o contrario, a recadación por este imposto vai a reducirse. O artigo 9 tamén é unha modificación un pouco técnica, a definición de cota adaptámola ao artigo 108, inclúe a definición de cota íntegra e de cota líquida e en ningún caso se modifica o tipo, que segue a ser o 22% cando a lei nos permite que sexa levalo ata o 30%. Por último o artigo 11, que se fai unha modificación froito da delegación deste imposto no ORAL para engadir un artigo 11 Bis, sobre a xestión deste imposto no ORAL. Dicar que o expediente ten informes favorables de tesourería e de secretaría e que ademais tamén foi enviado ao ORAL, aínda que non ten que informar, é o órgano no que temos delegada a xestión dos tributos, e neste caso conta co seu beneplácito tamén.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos ante un imposto municipal potestativo, é dicir, que o Concello, o goberno si o ten a ben, pode non esixilo, ten a opción de cobralo ou non. Imposto que dos 313 Concellos que hai en Galicia só 115 o cobran, ou sexa, o 64% dos Concellos de Galicia non cobran este imposto. Este imposto, que como dicía a Concelleira, grava o incremento do valor que se produce nas transmisións, vendas de bens de características urbanas ou ben se transmite por herdanza ou doazón, o que se chama a transmisión lucrativa. É curioso que este imposto, no tema de transmisións de herdanza, pactos de mellora, doazóns está exento en Galicia na maioría dos casos, doazóns que se fan de pais a fillos, na maioría de casos, están exentos porque o límite está nun millón de euros, pero sen embargo en Salceda si teñen que pagar a plusvalía polas herdanzas, anticipos de herdanza, pactos de mellora, doazóns que se fagan entre pais e fillos neste municipio, no noso Concello a maiores isto se agrava polo catastrazo, catastrazo que vostedes son partícipes e cómplices deso coa incorporación de centos de parcelas á consideración de urbana, o que implica que os veciños cando uns pais queren pasarlle unha finca a un fillo ou



filla van a tributar pola plusvalía, antes non era así, polo tanto, unha vez máis reiteramos o que dixemos no punto anterior, se incrementa a carga impositiva aos veciños de Salceda. Parece ser que o goberno considera que este é o momento axeitado para incrementarlle a carga impositiva, un carga impositiva, unha recadación, que como dixemos antes, se incrementou en dous anos nun 24,5% e agora máis con este novo imposto que vostedes van a esixir máis. O seu afán recadatorio non ten límites, vostedes si ven ben a proposta que traen a pleno, voulle poñer un exemplo: nas transmisión de herdanzas a lei permite unha bonificación dun 90%, saben canto propoñen vostedes? un 50%. A lei permite que o Concello aplique un coeficiente corrector ao valor catastral do chan de ata un 15%, vostedes 0. A lei relaciona unha serie de coeficientes máximos a aplicar sobre o valor do chan no momento de transmisión-venta o Concello, e ben o di o informe da tesoureira municipal *“Compre sinalar, en primeiro lugar, que os coeficientes incorporados polo Real Decreto-lei 26/2021 ó TRLRFL son coeficientes máximos, de maneira que os concellos, en uso da súa autonomía, poderán establecer a través das súas ordenanzas fiscais outros coeficientes, sempre que non superen os legalmente establecidos”*, saben cal propoñen vostedes? O máximo. Tipo de gravame a aplicar, a lei di que pode ser un tipo máximo dun 30%, saben cal propoñen vostedes? Un 22%, pois estas diferencias as dí a Lei. Sr. Miguel, eu acabo de dicirle o que vostedes propoñen, que fan outros Concellos? Por exemplo en Tui o teñen suprimido, Salvaterra bonifica as herdanzas ata un 95%, Ponteareas outro tanto do mesmo, bonifica as herdanzas da vivenda habitual ata un 95% e o chan ata un 50%, Salceda é diferente, aquí o que se trata é de esquilmar aos veciños sexa como sexa, de recadar, recadar e recadar. Ninguén pensa na situación económica que estamos padecendo agora e que están padecendo moitos veciños, aquí é recadar coa escusa dos servizos. A escusa dos servizos pode colar pero tamén é aplicable reducir gastos, porque se pode reducir. Sempre llo dixen Sra. Alcaldesa, vostede cando estaba na oposición plantexaba reducir a partida de publicidade e propaganda nun 75%, como vostede ve nin 75 nin nada parecido, polo tanto nós, xa na moción que presentamos no mes de outubro plantexamos que non se cobrara por este imposto e seguimos mantendo o mesmo, máxime cando a situación económica que están padecendo os nosos veciños é a que é.

Sra. Alcaldesa: Primeiro gustaríame que recorde que o Partido Socialista solicitaba baixar o gasto en publicidade, pero tamén me gustaría que fixera as contas e que mirara o que realmente se gastou ou se reduciu de gasto en publicidade, porque dicir as cousas a medias cando menos, é disimular cal é a realidade. Tamén me gustaría saber cantos deses Concellos que durante todo este tempo non cobraron este imposto van a seguir sen cobralo, porque moitos deles os tiñan en suspenso ata que se aclarara esta sentenza e agora con este Real Decreto publicado en outubro co cal, habería que facer as contas de novo. Neste momento o Real Decreto Lei de 26 de outubro de 2021 nos di que tiñamos seis meses para actualizar a Ordenanza e iso é o que estamos facendo, o prazo creo que remata o mércores e por iso estamos traendo hoxe aquí este expediente. Seguramente non hai un bo momento despois dunha pandemia que estamos pasando, para nada, pero para nada nas casas, para



nada nas administracións públicas, a todos os niveis e en ningún sitio, temos que seguir traballando, temos que seguir por suposto proporcionando servizos e que os servizos non son unha escusa, son unha obriga dun equipo de goberno prestalos, non son ningunha escusa absolutamente para nada, ou o Partido Popular que leva tanto anos sentado na oposición non se da conta que a poboación de Salceda creceu moitísimo e que hai que dar resposta as novas necesidades de Salceda? Iso son servizos, iso é unha realidade, non é nada que se invente este equipo de goberno, ou vostedes si chegaran a gobernar ían a deixar de prestar os servizos? Porque si é así díganllo aos veciños e veciñas e si non é así, deixen sempre o mesmo discurso, porque é moi fácil facer ese discurso pero esa non é a realidade.

Sra. Pereira González: Trátase dun imposto potestativo, si é certo, pero tamén lle digo que a ordenanza que temos é do ano 2006, polo tanto non foi este goberno quen decidiu poñer o imposto a cobro no Concello de Salceda, igual que oa porcentaxe do tipo impositivo do 22%, a cota, non a poñemos nos, é a que estaba establecida, mantémola, simplemente facemos as modificacións que son necesarias para adaptarse a Lei e non se incrementa a carga impositiva, o ten reflectido no informe de tesourería, en todo caso se vai a reducir sempre, aínda aplicando o coeficiente máximo, os importes a pagar van a ser menores e aínda encima existe un sistema alternativo para poder determinar o cálculo e no caso de que o prezo real de compra, a diferenza, sexa menor que os valores catastrais, se lle permite pagar polos prezos reais, polo tanto sempre vai a ser un descenso, non vai a ser incremento. O que non ten límites non é o noso nivel recadatorio, o que non ten límites é o voso nivel de populismo. No punto anterior din que os ingresos son insuficientes, propoñen incremento de gasto e para colmo de incoherencia agora suxiren incremento de bonificacións, rebaixa de coeficientes. Os valores catastrais deste Concello seguen a ser do ano 1989, a ponencia de valores é do ano 1989 por moito que vostedes falen de esquilmar, incremento, impostos, de que sube a carga impositiva, os valores catastrais deste Concello recórdolle que seguen a ser os do ano 1989. Os servizos son unha obriga, como dicía Verónica, non un pretexto, pero os impostos tamén son unha obriga da veciñanza, e si Verónica lle preguntaba si vostedes ían de deixar de prestar servizos, eu lle pregunto que si vostedes gobernarán ían de verdade de deixar de cobrar impostos, ían a reducir todo o que plantexan estando na oposición? E con que ía a financiar os gastos do Concello?

Sr. Núñez Troncoso: O caso é buscar unha saída pola tanxente, sexa como sexa e non asumir o que se trae aquí encima da mesa. Sra. Alcaldesa, dicía vostede que os Concellos o tiñan suspendido, non, non o esixían antes. É verdade que está nun proceso distinto pero ata aí non o esixían, un 64% dos Concellos. Imposto potestativo, volvemos a reiteralo, é o Concello, o Goberno municipal quen decide si quere cobralo ou non. A escusa fácil é que hai que prestar servizos, si aquí ninguén está dicindo que se deixe de prestar servizos, o que hai é que gastar mellor e ben, con planificación, non ocorrémos alí facer unha inversión e vamos alí e facemos a inversión ou non gastamos 7000€ nunhas xardiñeiras ou non gastamos 15000€ nunha marquesina, por exemplo, iso é planificar, iso é control do gasto non



despilfarro. Volvo a dicir, ninguén dixo neste grupo de minorar ou quitar servizos, ninguén plantexou iso, dígame en que acta está recollido iso. Carga impositiva, Sra. Lucía, cando falamos da carga impositiva non falamos dese imposto, a carga impositiva é a suma total dos impostos que se recadan neste Concello e si vostede comproba as liquidacións do 2019 e comproba a liquidación do 2021 verá que a carga impositiva, os veciños en xeral, están pagando un 24,5% máis con respecto ao ano 2019, esa é a realidade, esa é a que se chama carga impositiva. Xa sabemos que na xestión deste imposto posiblemente se recade menos do que estaba previsto, pero a min de que me sirva que pague menos polo imposto si vou pagar bastante máis por outro. A carga impositiva se refire a suma de todos os impostos. Que vostede me fale dos valores catastrais cando está recollido en acta unha manifestación de vostede dicindo que os valores catastrais non mudan, iso o dicía vostede nun pleno de febreiro de 2021, dígalle vostede aos veciños si mudaron os valores catastrais ou non mudaron. Por último, nós nunca dixemos de deixar cobrar impostos, nunca plantexamos aquí unha amnistía fiscal, ninguén plantexou unha amnistía fiscal, claro que hai que pagar impostos pero os xustos e o que a veciñanza poida asumir, de verdade que vostedes se poñen na pel de algúns veciños? Enchen a boca con que hai que cubrir servizos, hai cubrir servizos, minoren vostedes os gastos, e repito, aquí ninguén plantexou non pagar impostos, claro que hai que pagar impostos pero os xustos ou cando menos os máis xustos posibles e non poñéndose a recadar así por así sen ter en conta a situación económica que teñen os veciños.

Sra. Pereira González: Díxeno naquel pleno e sigo dicindo, os valores catastrais non mudaron, seguen sendo os da ponencia de valores do ano 1989, que a xente agora teña que pagar máis é porque agora hai máis terreos ou máis cousas que están tributando, pero os valores seguen sendo os mesmos, ou houbo acaso unha revisión de valores catastrais? Os valores catastrais son os do ano 1989, actualizados cos coeficientes do paso do tempo. En canto á porcentaxe de incremento de recadación, non sei que datos son eses e en que se baseou, entre o ano 2019 e 2022, no medio houbo unha revisión catastral e había moitos inmobles que non tributaban e pasaron a tributar e outros moitos ao mellor obedecen a cambios. O de rodaxe por exemplo, si se incrementa será porque se compraron máis vehículos, non porque se aumentara o tipo impositivo. Si incrementa a recadación no ICIO será porque se fixeron máis obras, aquí non se tocou o tipo impositivo nin nada, ao contrario se fixeron bonificacións se fixeron exencións no IBI, se fixeron bonificacións no imposto de vehículos, ese dato que da, obedecerá a outras cuestións non a que este goberno incrementara os tipos impositivos nin a tributación. Din vostedes que non pretenden ningunha amnistía fiscal, pois están bastante cerca, para o IBI ademais da rebaixa do tipo impositivo pretendían bonificar todo o tributable ao 90%, no imposto de rodaxe pediron bonificacións, no ICIO pediron bonificación, no lixo pediron bonificacións, están bastante cerca da amnistía fiscal .

Sr. Núñez Troncoso: Faime gracia, Sra. Lucía, di que os valores catastrais son do ano 1989, non creo que sexan do ano 1989, pode estar vostede orgullosa, Sra. Dolores Castiñeira, por pedir a aplicación dos coeficientes do incremento do valor catastral e



non é obrigación do Ministerio era opcional, era opcional para o Sr. Marcos Besada. Fala da recadación, nós non inventamos ese dato, si vostede como responsable da área colle a liquidación de ingresos do 2019 e colle a liquidación de ingresos do 2021 vai ver que hai un incremento na recadación dun 24,5% ese é un dato, esa recadación sae dos bolsillos dos veciños. Bonificacións e exencións do IBI que as propuxemos nós, menos mal que o recoñece, porque si por vostedes fora... ou xa nos explicará porqué no orzamento de 2021 contemplaban 1.800.000€ que nunca nolo explicaron, porque contemplan iso? Porque aí non contemplaban ningún tipo de bonificación nin fraccionar, repartir as liquidacións do 2018, 2019 e 2020 en varios exercicios non o contemplaban. Si ven a documentación que entrou por rexistro, o noso compañeiro Primitivo plantexou nunha moción que vostedes votaron en contra dunha baixada ao 0,40 un 20% vostedes dixeron que haber si o baixaban ao 10%, esta recollido en acta, vostedes contemplaban fraccionar, repartir os atrasos en varios exercicios? Non. Vexan vostedes a documentación que entrou por rexistro. O noso sentido do voto vai a ser en contra de que se cobre este imposto e máis aínda seguindo na liña dos 200 Concellos de Galicia que non o cobran e máis aínda a situación económica na que nos atopamos.

Sra. Castiñeira Alén: Sr. Joaquín vostede lembra cando se aprobou a Ordenanza de plusvalías, 2006, igual non lembra quen era Concelleiro, vostede. Deron seis meses exactamente para que todos os Concellos adaptamos esta Ordenanza fiscal para cumprir a lei, pero imaxino que vostedes iso tampouco o entenden, e non tiveron moito tempo de comprobar no boletín que Concellos fixeron esta revisión pero vóelle a por un de cada color, A Garda, PSdeG; Moaña, BNG; e Bergondo do PP. Antes nesa comparativa que fixo con Pontearreas e Salvaterra esqueceulle Porriño, debe ser que agora está gobernada polo Partido Popular. A recadación será menor e só se vai a aplicar a plusvalía naquelas situacións que xeren ganancia, como llo explicou a compañeira Lucía e ademais isto evita unha cousa moi importante a especulación, pero imaxino que tampouco lle gusta isto ao Partido Popular, evitar a especulación inmobiliaria, mágoa. Sabe que pasa? Que non acabo de entender esta incoherencia do Partido Popular, vimos do punto dos Orzamentos no que aí piden que subamos os importes e agora resulta que neste punto pide que se deixe de ingresar un imposto, moi ben, esta é a política fiscal do Partido Popular, sigan nesa liña, ata de agora non lle deu moito froitos e agardo que non llos siga dando porque hai que ser coherentes e dicirlle a verdade a veciñanza, non prometer cousas estrañas.

Sra. Alcaldesa: Botaba de menos o que ía dicindo o Partido Popular durante todos os plenos dende 2017, sobre todo cando comezamos a gobernar. Recordo un pleno, concretamente o último creo que foi en outubro de 2021, onde se lle acusaba ao Partido Socialista de dicir na oposición unha cousa e dicir agora no goberno outra. Recordo que no tema de plusvalía que sempre nolo recordou, que nós pedíamos a retirada e que agora facíamos outra cousas, alégrome de verdade que hoxe non utilizase ese tema, debeu ser porque realmente leu a moción do 2017 presentada polo Grupo Socialista, onde poñía e solicitabamos, primeiro: previo os informes de secretaría e intervención derogación da ordenanza fiscal do imposto sobre o



incremento de valor de natureza urbana mentres non se modifique a Lei que a regula e con efectos desde a publicación da sentenza, e no punto dous, unha vez modificada a Lei se proceda á aprobación dunha nova ordenanza, e iso é o que se está a facer hoxe aquí, entón eu o que pediría o que foi cambiando ao longo do tempo dependendo en que ano de goberno estiveramos nesta legislatura acusándonos dunha cousa despois doutra, é verdade que foi cambiando ese discurso, pero pediría que se cingan cada vez que falamos dun punto a ese punto e deixemos de facer demagogia. Si baixan, o propio informe de tesourería di que *“aínda que é complicado establecer nestes momentos unha conclusión ao respecto, pois a casuística é moi variada, as estimacións realizadas pola tesoureira municipal levan a conclusión de que a recadación municipal por este tipo de impostos se verá diminuída coa nova regulación, aínda aplicando os coeficientes máximos que na actualidade se establecen”*. Creo que tamén o Partido Popular debería ler os informes todos, non so aqueles apartados que lle interesan. En canto á baixada de impostos xeneralizada, nada máis que sumarme ao que comentou a compañeira Lucía, levamos ICIO, IBI, Plusvalía, rodaxe. Eu estaba tendo as miñas dúbidas cal era o punto de vista nas plusvalías porque se utilizou a quenda dos 10, 5 e dos 3 minutos e en ningún momento estaba falando cal era o sentido do voto, para iso utilizou o último minuto o resto estivemos falando como sempre de valores catastrais, IBI e máis IBI. O Partido Popular sempre utiliza o mesmo argumento para todo, así traíamos a aprobar os orzamentos, traíamos unha modificación dunha ordenanza ou traíamos calquera outra cousa e sempre o mesmo argumento despois de tantos anos na oposición deberían ter en conta e deberían estar enterados de como funciona o Concello, deberían ser capaces de facer outro argumento ou polo menos adaptar o mesmo que teñen ao que se trae a este pleno. Paso a dar lectura a seguinte proposta de acordo seguinte:

“Visto que con data con data 16 de febreiro de 2006 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 33 a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Visto que o día 9 de novembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado nº 268 o Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante TRLRFL), á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. En concreto a Sentencia do Tribunal Constitucional 59/2017, de data 11 de maio de 2017, declarou inconstitucionais e nulos os artigos 107.1. 107.2a) e 110.4 do TRLRFL pero unicamente na medida en que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor. Posteriormente, o Alto Tribunal, na súa Sentencia 126/2019, de data 31 de outubro de 2019, declarou tamén inconstitucional o artigo 107.4 do citado TRLRFL respecto dos casos nos que o cota a satisfacer sexa superior ao incremento patrimonial realmente obtido polo contribuínte. E finalmente a recente Sentencia 182/2021, de data 26 de outubro de 2021, declarou inconstitucional e nulos os artigos 107.1, segundo parágrafo, 107.2.a)



e 107.4 do mencionado TRLRFL, deixando un baleiro normativo sobre a determinación da base impositiva que impide a liquidación, comprobación, recadación e revisión deste tributo local, e polo tanto a súa esixibilidade. De acordo co establecido na primeira citada Sentencia 59/2017, no sentido de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento de valor dos terreos, introdúcese un novo suposto de non suxeición para os casos en que se constate, a instancia do interesado, que non se ten producido un incremento de valor. Así mesmo, coa finalidade de atender o mandato expresado nas outras dúas sentencias, por un lado, mellórase tecnicamente a determinación da base impositiva para que reflecta en todo momento a realidade do mercado inmobiliario, substituíndose os anteriores vixentes porcentaxes anuais aplicables sobre o valor do terreo para a determinación da base impositiva do imposto por uns coeficientes establecidos en función do número de anos transcorridos dende a adquisición do terreo, que serán actualizados anualmente, mediante norma con rango legal, tendo en conta a evolución dos prezos das compravendas realizadas. Dita actualización poderá levarse a cabo mediante as leis de orzamentos xerais do Estado. Ademais introdúcese a regra da salvagarda coa finalidade de evitar que a tributación por este imposto poidera nalgún caso resultar contraria ao principio de capacidade económica, permitindo, a instancia do suxeito pasivo, acomodar a carga tributaria ao incremento de valor efectivamente obtido.

O citado Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, busca polo tanto a adecuación do imposto ao disposto polo Tribunal Constitucional e posibilitar que se siga aplicando. De acordo co anterior, na súa disposición transitoria única, establece un prazo de seis meses para modificar por parte dos Concellos as súas ordenanzas fiscais indicando que en tanto non entren en vigor as citadas modificacións, resultará de aplicación o disposto no Real Decreto-lei 26/2021.

Visto informe de Tesorería de 2022-131 de data 27 de abril de 2022.

Visto Informe de Secretaría 2022-12 de data 27 de abril e 2022.

Visto que as modificacións que se propoñen na Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana para adaptala ao citado Real Decreto-lei 26/2021 e polo tanto á redacción actual do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, afectan os artigos relativos a non suxeición (artigo 4) xunto coa regulación da base impositiva (artigo 8). Asimesmo, procedéronse a modificar o establecido nos artigos 5,7,9 e 11 e mesmo se introduciu o artigo 11 bis, constituindo esta unha mera modificación ou adaptación de contido técnico para adapta-lo a normativa actual ou para mellorar a xestión do imposto que se atopa delegado actualmente no ORAL que pasarían a ter a seguinte redacción:

“ARTIGO 4 NON SUXEIÇÃO

ARTIGO MODIFICADO PARA ADAPTARSE Ó REAL DECRETO-LEI 26/2021



1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

2. Non están suxeitos a este imposto os supostos de contribución de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicación que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóveis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial. Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóveis a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio levará a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

4. Non se devindicará o imposto nos supostos de transmisións ou achegas efectuadas a favor ou pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria S.A, ou polas entidades constituídas para cumprir co seu obxecto social aos fondos de activos bancarios, así como as que se produzan entre os ditos fondos, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, enténdéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa chan e construción, tomarase como valor do chan para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción



que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto en apartado 3 do art. 104 do TRLRFL ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

ARTIGO 5.—EXENCIONES

5.1 OBXECTIVAS:

ARTIGO MODIFICADO PARA ADAPTARSE Á REDACCION ACTUAL DO ARTIGO 105.1 TRLRFL

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencias de:

a) Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.

b) A transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico Artístico, ou teñan sido declaradas individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico español, cando seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación de ditos inmobles nos cinco anos inmediata, ente anteriores ó devengo do imposto.

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ó inmovible no momento do devengo do imposto.

Achegarán ademais a seguinte documentación:

- Licenza municipal ou orde de execución.*
- Copia de liquidación da taxa de obra.*
- Copia da liquidación do ICIO.*



- *Presuposto de execución material.*
- *Certificado de final de obra.*

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do/a debedor/a hipotecario ou garante deste, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre esta, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención, requírese que a persoa debedora ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figure empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se o dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

5.2.—SUBXECTIVAS.

2.- Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

a) O Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma e de ditas entidades locais.

b) O municipio de Salceda de Caselas e demais entidades locais integradas ou nas que se integre o dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.



d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 20/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) As e os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.

f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou entidades a quen se teña recoñecido exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.

ARTIGO 7.—SUXEITOS PASIVOS.

ARTIGO MODIFICADO PARA POR FACER REFERENCIA A UN ARTIGO DEROGADO.

1.—E suxeito pasivo deste imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución e transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.—No suposto a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 8.- BASE IMPOÑIBLE

ARTIGO MODIFICADO PARA ADAPTARSE Ó REAL DECRETO-LEI 26/2021

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do pagamento e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento do pagamento



calculado conforme ao establecido no seu apartado 2, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3.

2. Entenderase por valor do terreo no momento da devindicación:

a) Nas transmisión de terreos, o valor dos mesmos no momento da devindicación será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflexe modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, liquidarase provisionalmente este imposto con arranxo o mesmo. Neste caso, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivese conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido a data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas leis de Presupostos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento da devindicación do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referido dito valor o momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, será a parte do valor definido no apartado a) que resulte de aplicar as seguintes regras:

1ª. No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.

2ª. Se o usufruto fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufrutuário tivese menos de vinte anos, será equivalente ó 70% do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10 % do valor catastral.

3ª. Se o usufruto se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria e o seu valor equivalerá ó 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.

4ª. Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nos epígrafes b.1, b.2 e b.3 aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento da transmisión.



5ª. Cando se transmita o dereito de núa propiedade o seu valor será igual á diferenca entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado segundo as regras anteriores.

6ª. O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ó 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constitúan tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios segundo os casos.

7ª. O valor dos dereitos reais de superficie será igual ó 100% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituía tal dereito.

c) Na constitución ou transmisións do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implica-la existencia dun dereito real de superficie, a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto do valor total do terreo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o valor que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Na constitución ou transmisión de calquera outros dereitos reais de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados neste artigo:

1. O resultado de capitalizar ó interese básico do Banco de España a súa renda ou pensión anual.

2. O prezo pactado na constitución se fose maior.

e) Nos supostos de expropiación forzosa, a parte ou proporción de xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, agás que o valor catastral fose inferior, en que prevalecerá este último.

3.- O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indíque outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu o anterior pagamento do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.



O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento do pagamento, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, será o que corresponda segundo o período de xeración do incremento de valor de acordo coa seguinte táboa:

Periodo de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 ano	0,15
3 ano	0,16
4 ano	0,17
5 ano	0,17
6 ano	0,16
7 ano	0,12
8 ano	0,10
9 ano	0,09
10 ano	0,08
11 ano	0,08
12 ano	0,08
13 ano	0,08
14 ano	0,10
15 ano	0,12
16 ano	0,16
17 ano	0,20
18 ano	0,26
19 ano	0,36
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal,

podendo levar a cabo dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.

Se, como consecuencia da actualización referida no parágrafo anterior, algún dos coeficientes aprobados pola vixente ordenanza fiscal resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa devandito exceso.

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido non



artigo 104.5 do TRLRFL, consétese que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

ARTIGO 9.—COTA.

ARTIGO MODIFICADO PARA ADAPTARSE Ó ARTIGO 108 TRLRFL. MODIFICACION TÉCNICA.

1.-A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible un tipo do 22%

2.- A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións previstas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTIGO 11.—XESTIÓN

MODIFICACION DO ARTIGO PARA ACLARAR A DELEGACIÓN DA XESTION NO ORAL.

1.- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante este concello a declaración, segundo o modelo determinado ao efecto, que conteña os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.

Na devandita declaración poderán optar porque se determine a base imponible conforme ao sinalado no artigo 107.5 do TRLRFL, aportando para elo a documentación esixida no artigo 104.5 do mesmo texto normativo.

2. Os prazo para presentar declaracións serán os seguintes:

a) Cando se trate de actos “inter-vivos”, o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano, a pedimento do suxeito pasivo.

3. Á declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

4. As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

5. Están obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos co suxeito pasivo:

a) Nas transmisións e nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce



limitativos de dominio a título lucrativo inter-vivos, o doador ou quen constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións e nas constitucións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso o adquirente ou a persoa a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

6. Os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir dentro do mesmo prazo, relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecementos ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado entendese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 11.bis—XESTIÓN POR DELEGACIÓN

INTRODUCCIÓN DUN NOVO ARTIGO PARA ACLARAR A DELEGACIÓN DA XESTION NO ORAL.

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na ordenanza fiscal xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a aportación de documentación polos interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.

2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuitos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron as súas facultades na Deputación.

PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL
:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora



Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, dando unha nova redacción aos artigos 4 e 8 xunto cos artigos nos artigos 5,7,9 e 11 e introducir o artigo 11 bis segundo o establecido no corpo da presente proposta, xunto co texto íntegro modificado que figura como anexo.

SEGUNDO.-Publicar a adopción provisional do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, a efectos de sometemento a información pública o expediente por un prazo de 30 días.

TERCEIRO.- En caso de non formularse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE)
ANEXO

ARTIGO 1.—OBXECTO.

De conformidade co disposto nos artigos 15. 1 e 16.1 en relación cos artigos 59.2 e 104 ó 110 do RD 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, modifícase o Imposto sobre o incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana é un tributo directo. 2. Constitúe o feito impoñible do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana que experimenten os terreos de natureza urbana do termo municipal do concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión de propiedade dos mesmos por calquera título ou da constitución, ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos. Dan lugar a realización do feito impoñible:

— Todo tipo de transmisións de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

— Todo tipo de constitucións e transmisións de dereitos reais de goce limitativo de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

ARTIGO 3.—TERREOS DE NATUREZA URBANA

1. Está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de terreos de natureza urbana a efectos do Imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel.



2. Está así mesmo suxeito a efectos deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do imposto sobre bens inmobles.

ARTIGO 4 NON SUXEIÇÃO

1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

2. Non están suxeitos a este imposto os supostos de contribución de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicación que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial. Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio levará a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

4. Non se devindicará o imposto nos supostos de transmisións ou achegas efectuadas a favor ou pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria S.A, ou polas entidades constituídas para cumprir co seu obxecto social aos fondos de activos bancarios, así como as que se produzan entre os ditos fondos, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou



de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa chan e construción, tomarase como valor do chan para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto en apartado 3 do art. 104 do TRLRFL ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

ARTIGO 5.—EXENCIÓNS

5.1 OBXECTIVAS:

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencias de:

a) Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.

b) A transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico Artístico, ou teñan sido declaradas individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico español, cando seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación de ditos inmovibles nos cinco anos inmediata, ente anteriores ó devengo do imposto.

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ó inmovible no momento do devengo do imposto.



Achegarán ademais a seguinte documentación:

- *Licenza municipal ou orde de execución.*
- *Copia de liquidación da taxa de obra.*
- *Copia da liquidación do ICIO.*
- *Presuposto de execución material.*
- *Certificado de final de obra.*

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do/a debedor/a hipotecario ou garante deste, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre esta, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención, requírese que a persoa debedora ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figure empadroadado ou contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se o dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

5.2.—SUBJECTIVAS.

2.- Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma e de ditas entidades locais.*
- b) O municipio de Salceda de Caselas e demais entidades locais integradas ou nas que*



se integre o dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 20/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) As e os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.

f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou entidades a quen se teña recoñecido exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.

ARTIGO 6.—BONIFICACIÓNS.

1.—Gozarán dunha bonificación 50 por 100 na cota integral do imposto de transmisión da vivenda habitual do causante realizada a título lucrativo o causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes.

2.—A estos efectos se entende por vivenda habitual aquela que o sexa de acordo coas normas do IRPF, o cal deberán acreditar con copia da declaración do IRPF do último exercicio onde conste a referencia catastral do inmovible. Está bonificación deberá ser solicitada polos herdeiros.

ARTIGO 7.—SUXEITOS PASIVOS.

1.—E suxeito pasivo deste imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución e transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.—No suposto a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou en cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.



ARTIGO 8.- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto

de manifesto no momento do pagamento e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento do pagamento calculado conforme ao establecido no seu apartado 2, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3.

2. Entenderase por valor do terreo no momento da devindicación:

a) *Nas transmisión de terreos, o valor dos mesmos no momento da devindicación será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.*

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflexe modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, liquidarase provisionalmente este imposto con arranxo o mesmo. Neste caso, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivese conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido a data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas leis de Presupostos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóble de características especiais, no momento da devindicación do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referido dito valor o momento da devindicación.

b) *Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, será a parte do valor definido no apartado a) que resulte de aplicar as seguintes regras:*

1ª. No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.

2ª. Se o usufruto fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufrutuário tivese menos de vinte anos, será equivalente ó 70% do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10 % do valor catastral.



3ª. Se o usufruto se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria e o seu valor equivalerá ó 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.

4ª. Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nos epígrafes b.1, b.2 e b.3 aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento da transmisión.

5ª. Cando se transmita o dereito de núa propiedade o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado segundo as regras anteriores.

6ª. O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ó 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constitúan tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios segundo os casos.

7ª. O valor dos dereitos reais de superficie será igual ó 100% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituía tal dereito.

c) Na constitución ou transmisións do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implica-la existencia dun dereito real de superficie, a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto do valor total do terreo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o valor que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Na constitución ou transmisión de calquera outros dereitos reais de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados neste artigo:

1. O resultado de capitalizar ó interese básico do Banco de España a súa renda ou pensión anual.

2. O prezo pactado na constitución se fose maior.

e) Nos supostos de expropiación forzosa, a parte ou proporción de xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, agás que o valor catastral fose inferior, en que prevalecerá este último.

3.- O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o devandito incremento.



Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indíque outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu o anterior pagamento do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento do pagamento, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, será o que corresponda segundo o período de xeración do incremento de valor de acordo coa seguinte táboa:

Periodo de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 ano	0,15
3 ano	0,16
4 ano	0,17
5 ano	0,17
6 ano	0,16
7 ano	0,12
8 ano	0,10
9 ano	0,09
10 ano	0,08
11 ano	0,08
12 ano	0,08
13 ano	0,08
14 ano	0,10
15 ano	0,12
16 ano	0,16
17 ano	0,20
18 ano	0,26
19 ano	0,36
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal,



podendo levar a cabo dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.

Se, como consecuencia da actualización referida no parágrafo anterior, algún dos coeficientes aprobados pola vixente ordenanza fiscal resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa devandito exceso.

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido non artigo 104.5 do TRLRFL, constátase que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

ARTIGO 9.—COTA.

1.-A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible un tipo do 22%

2.- A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións previstas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTIGO 10.—DEVENGO

1.—O imposto se devenga:

a) Cando se transmita a propiedade propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos o por causa de morte, na data de transmisión.

b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2.—Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme haber tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle houbera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando no se xustifique que os interesados deberán as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Anque o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do imposto, no haberá lugar a devolución.



3.—*Se o contrato queda sen efectos por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como al mutuo acordo estimarase o acordo n acto de conciliación e simple conformidade coa demanda.*

4.—*Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme as preescripcions contidas co Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que ésta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, ando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.*

ARTIGO 11.—XESTIÓN

1.- *Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante este concello a declaración, segundo o modelo determinado ao efecto, que conteña os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.*

Na devandita declaración poderán optar porque se determine a base imponible conforme ao sinalado no artigo 107.5 do TRLRFL, aportando para elo a documentación esixida no artigo 104.5 do mesmo texto normativo.

2. *Os prazos para presentar declaracións serán os seguintes:*

a) *Cando se trate de actos “inter-vivos”, o prazo será de trinta días hábiles.*

b) *Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano, a pedimento do suxeito pasivo.*

3. *Á declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.*

4. *As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.*

5. *Están obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos co suxeito pasivo:*

a) *Nas transmisións e nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo inter-vivos, o doador ou quen constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

b) *Nas transmisións e nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso o adquirente ou a persoa a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*



6. Os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir dentro do mesmo prazo, relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecementos ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado entendese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 11.bis—XESTIÓN POR DELEGACIÓN

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na ordenanza fiscal xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a aportación de documentación polos interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.

2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron as súas facultades na Deputación.

ARTIGO 12.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

No relativo á cualificacións de Infraccións tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, e restante normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 13.—DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CATRO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, dando unha nova redacción aos artigos 4 e 8 xunto cos artigos nos artigos 5,7,9 e 11 e introducir o artigo 11 bis segundo o establecido no corpo da presente proposta, xunto co texto íntegro modificado que figura como anexo.

SEGUNDO.- Publicar a adopción provisional do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, a efectos de sometemento a información pública o expediente por un prazo de 30 días.

TERCEIRO.- En caso de non formularse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Expediente 1044/2022. Constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Castiñeira Alén: Neste terceiro punto traemos esta importante cuestión, unha proposta de acordo para a constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero. En novembro do 2020 o noso Concello converteuse no primeiro Concello da Provincia en firmar o protocolo VIOGEN ante a Subdelegada do Goberno Maica Larriba e o Coronel Xefe Simón Benzal. Este programa é un importantísimo programa de seguimento integral as vítimas de violencia de xénero, busca a coordinación e compartir información entre todas as forzas e corpos do Estado para protexer as mulleres que necesitan esa atención e tamén anticiparse e conseguir resultados moito máis efectivos. Na sinatura do convenio en xaneiro de 2021, nesta ocasión realizado co Ministerio de Interior, recóllese precisamente que un dos condicionantes é constituír esta Mesa de Coordinación, unha mesa que será convocada pola responsable de seguridade do noso Concello, Lucía Pereira, e estará integrada polas forzas e corpos de seguridade do Estado e as persoas que logo vos direi. O obxectivo destas reunións é coordinar e darlle seguimento a situacións que se dean de violencia de xénero no noso Municipio, distribuíndo ademais as tarefas entre os diferentes corpos, entre as diferentes partes implicadas e conseguir así que as resolucións de problemas sexa moito máis efectiva. Realizarase con unha periodicidade de seis meses e todas aquelas veces que sexan necesarias por algún caso de urxencia. A Mesa de Coordinación



estará composta pola Presidencia, neste caso, a Alcaldesa do Concello ou Concellería na quen delegue; a Concelleira de Igualdade, a Concelleira de Seguridade, a Concelleira de Benestar, persoal dos servizos sociais municipais, a policía local, representantes das forzas e corpos de seguridade do Estado e representantes doutras institucións que se considere oportunas ou necesarias e que queiran participar, ben sexan educativas ben sexan sanitarias. Neste punto que tratamos na Comisión Informativa celebrada fai uns días, o Partido Popular de Salceda comentou, e creo que con razón, o seu descontento de non formar parte desta Mesa, nesa mesma Comisión dixen como Concelleira responsable de Igualdade que non tiña ningún problema incorporar a un membro do Partido Popular a esta Mesa porque ademais creo fundamental que nun tema como este de vital importancia é imprescindible sumar forzas para conseguir ese obxectivo común de ofrecer protección as nosas mulleres do noso Concello. Estou segura que este punto vai saír a diante por unanimidade, foi así na Comisión informativa e estou segura que vai a ser así nesta sesión plenaria.

Sr. Rodríguez Davila: Como ben o comentou a compañeira Concelleira así o manifestamos nesa Comisión o noso desacordo de negarnos a posibilidade de poder participar nunha Comisión, unha Comisión delegada e polo tanto sometida a criterio de decisións, loxicamente, políticas e creo que en temas destes onde todos estamos de acordo e onde todos traballamos a unha para erradicar a violencia de xénero, a violencia machista, creo que non tiña sentido deixar neste caso ao grupo maioritario desta Corporación fora desta Comisión. Creo que o Goberno cando rectifica acerta e polo tanto quero aquí felicitar ao Goberno que tivera a ben aceptar a proposta deste grupo e polo tanto pouco máis que dicir, que esa Comisión sexa positiva, que todos os que alí participemos aportemos, debatemos e acordemos medidas para loitar contra esta lacra indecente e inhumana e lamentable que está a sufrir a sociedade actual nestes momentos, e pouco máis que dicir, o noso apoio e por certo que ía a ser igualmente aínda que o goberno non aceptara a proposta de estar un membro deste grupo nesa Comisión, íamos a votar igualmente a favor como así o manifestei na Comisión aínda que se nos excluía desta Comisión e polo tanto como se nos acepta e se propón a un membro deste grupo a estar na Comisión con máis razón ou igual razón votamos a favor da creación desta Comisión de debate e de acordo da loita contra a violencia de xénero.

Sra. Alcaldesa: Estando todos de acordo paso a dar lectura a proposta de acordo para a creación dun novo órgano colexiado que ata de agora non existía, seguinte:

“Considerando que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade ente mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciáveis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.



Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

Considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Considerando que en data 12.01.2021 asinouse o Convenio entre o Ministerio do Interior e o Concello de Salceda de Caselas para a Incorporación dos Corpos de Policía Locais ao “Sistema de Seguimento Integral de los Casos de Violencia de Género”.

Visto o ditame favorable de Comisión Informativa de Asuntos de Pleno de 4 de maio de 2022.

Como consecuencia do exposto con anterioridade

PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO

Primeiro: *Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.*

Segundo: *Formarán parte da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:*

Presidencia:

- A Alcaldesa do Concello ou concelleira/o en quen delegue.

Vogalías:

- Concelleiro/a con competencia na área de igualdade.*
- Concelleiro/a con competencia na área de seguridade.*
- Concelleiro/a con competencia na área de benestar social.*
- Concelleiro/a do grupo municipal do Partido Popular.*
- Persoal dos servizos sociais municipais*
- Representante da policía local.*
- Representante da Subdelegación do Goberno de Pontevedra.*
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autónoma)*
- Representantes doutras institucións que se consideren: servizos sanitarios, servizos educativos, administracións autonómica, administración de xustiza, etc....*

Secretaría:

- Funcionaria/o do Concello de Salceda de Caselas.

Terceiro: *A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de*



Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Cuarto. Comunicar este acordo aos membros designados para o seu coñecemento."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **ONCE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Segundo: Formarán parte da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

- A Alcaldesa do Concello ou concelleira/o en quen delegue.

Vogalías:

- Concelleiro/a con competencia na área de igualdade.
- Concelleiro/a con competencia na área de seguridade.
- Concelleiro/a con competencia na área de benestar social.
- Concelleiro/a do grupo municipal do Partido Popular.
- Persoal dos servizos sociais municipais
- Representante da policía local.
- Representante da Subdelegación do Goberno de Pontevedra.
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autónoma)
- Representantes doutras institucións que se consideren: servizos sanitarios, servizos educativos, administracións autonómica, administración de xustiza, etc....

Secretaría:

- Funcionaria/o do Concello de Salceda de Caselas.

Terceiro: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Cuarto. Comunicar este acordo aos membros designados para o seu coñecemento.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Expediente 1061/2022. Dación de conta do informe de Intervención 2022-0062 de remisión da execución do 1º trimestre de 2022 ao Ministerio de Facenda.

Queda dada conta o informe de intervención número 2022-0062 da remisión da execución do 1º trimestre de 2022 ao Ministerio de Facenda.

Sr. Rodríguez Davila: Desculpar aos compañeiros Primitivo e Ana Cristina que non puideron asistir por motivos laborais.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asunto

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

